

ORDENANZA FISCAL Nº 3- REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA.

Artigo 1º.

De conformidade co previsto no artigo 96.5, do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo, o Imposto sobre vehículos de tracción mecánica esixirase neste Concello con arranxo as cotas do cadro de tarefas contidas no párrafo 1 do mesmo artigo.

Artigo 2º.

O pago do imposto acreditarase mediante declaración-liquidación o recibo, debidamente validado pola Entidad recaudadora.

Artigo 3º.

1.- No caso de primeiras adquisicións de vehículos ou cando éstos se reformen de maneira que se altere a súa clasificación a efectos do presente imposto, os suxeitos pasivos presentarán ante o Concello, no prazo de trinta días a contar da data da adquisición ou reforma, declaración-liquidación por este imposto según o modelo aprobado polo Concello, ao que se acompañará a documentación acreditativa da súa compra ou modificación, certificado das súas características técnicas e o Documento Nacional de Identidade ou o Código de Identificación Fiscal do suxeito pasivo.

2.- Simultaneamente á presentación da declaración-liquidación a que se refire o apartado anterior, o suxeito pasivo ingresará o importe da cota do Imposto resultante da mesma. Esta autoliquidación terá a consideración de liquidación provisional en tanto que polo Concello no se comprobe ca mesma efectuouse mediante a correcta aplicación das normas reguladoras do Imposto.

Artigo 4º.

1.- No caso de vehículos xa matriculados ou declarados aptos para a circulación, a recaudación das correspondentes cotas realizarase mediante o sistema de padrón anual no que figurarán tódolos vehículos suxeitos ó imposto que estén inscritos no correspondente Rexistro Público a nome de persoas ou entidades domiciliadas neste término municipal.

2.- O padrón ou matrícula do imposto exporase o público anualmente, por prazo de trinta días hábiles, para que os lexítimos interesados poidan examinalo e, no seu caso, formular as reclamacións oportunas. A exposición o público anunciarase no Boletín



San Sadurniño
www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

Oficial da Provincia e producirá os efectos de notificación da liquidación a cada un dos suxeitos pasivos.

Artigo 5º.

1.- Poderán beneficiarse dunha bonificación do 100% da cota do Imposto os vehículos históricos, ou aqueles que teñan unha antigüidade mínima de vinte e cinco anos, contados dende a súa data de fabricación. Se ésta non se coñecera, tomaráse como tal a de a súa primeira matriculación ou, no seu defecto, a data en que o correspondente tipo ou variante deixouse de fabricar.

2.- Para obter esa bonificación, os interesados deberán presentar ante o Concello a oportuna solicitude, acompañada da documentación xustificativa da antigüidade do vehículo do que se trate, antes do devengo do Imposto, que se produce o primeiro de xaneiro de cada ano.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza fiscal entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e comenzarán a aplicarse a partir do día un de xaneiro de 2008, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.